

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE LOUSAME PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO INTEGRAL DE ATENCIÓN E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA “MAIORES EN MARCHA” NO EXERCICIO 2025

Lugar e data da sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha parte.

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte.

Don Esteban Ares García con DNI 53485643V, en calidade de Alcalde do Concello de Lousame, con número de Identificación Fiscal P1504300C e enderezo na praza Teodomiro Hidalgo 1, 15214 Lousame (A Coruña), tal como se reflicte na acta da sesión deste concello, que tivo lugar o 18/09/2025 en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN:

Primeiro.- As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



Segundo.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e de facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Terceiro.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Cuarto.- Que o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, unifica os criterios nos procedementos de concesión, xestión e xustificación das subvencións ás entidades locais galegas para evitar disfuncións administrativas e inseguridade xurídica e establecer unha serie de mecanismos que teñan como principio inspirador a lealdade institucional nas relacións subvencionais entre a Administración autonómica e as entidades locais.

Quinto.- De conformidade co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e na lexislación de aplicación sobre réxime local, correspóndelles aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

a) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.



- b) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, letra i), da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.
- d) A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.
- e) A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.
- f) A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- g) A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.
- h) O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.
- i) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.
- j) A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.
- k) Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente.

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.



De conformidade co disposto no artigo 62 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

Así, segundo o establecido no artigo 25 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, os servizos sociais comunitarios específicos, competencia das entidades locais, desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado. Sen prexuízo da súa dedicación a colectivos con problemáticas concretas, os servizos sociais comunitarios específicos actuarán, en tanto que servizos de proximidade, na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida.

Sexto.- O concello de Lousame está inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais como entidade prestadora de servizos sociais co número E443 e recoñecido como así se determina no art. 66 da Lei 13/2008 do 3 de decembro.

Para o ano 2025, o concello pon en marcha o proxecto integral de envellecemento activo e prevención da dependencia "Maiores en Marcha".

Sétimo.- Os programas previstos no dito proxecto integral "Maiores en marcha", a subvencionar a través deste convenio teñen encaixe entre as funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos como son:

- Mellorar a calidade de vida das persoas maiores, entendendo por esta a percepción que ten a persoa da súa posición na vida de acordo ao seu sistema de valores, crenzas e expectativas, incluíndo a súa saúde, o seu nivel de autonomía, o seu estado psicolóxico, as súas relacións sociais e a súa participación activa.
- Mellorar a esperanza de vida saudable, dotando ás persoas maiores dos coñecementos e habilidades para o desenvolvemento de actitudes que promovan o seu benestar físico, psicolóxico e social, así como facilitándolles as ferramentas para a súa posta en marcha, ao obxecto de mellorar a súa autonomía.



- Fomentar a integración social das persoas maiores propiciando as súas relacións entre iguais así como con outros grupos e aumentando a súa rede de apoio social.

O referido proxecto integral "Maiores en marcha" ten por finalidade o fomento da vida activa e saudable e a atención e prevención da dependencia das persoas maiores de 60 anos do Concello de Lousame e, como obxectivos específicos os que a continuación se relacionan:

- a) Promover a participación activa das persoas maiores na vida social da súa contorna.
- b) Dotar ás persoas participantes de estratexias para o envellecemento activo.
- c) Sensibilizar e fomentar á poboación en xeral e á poboación maior en particular, da importancia do mantemento de hábitos de vida saudables e da participación activa das persoas maiores na sociedade.
- d) Adestrar as habilidades sociais das persoas maiores para facilitar e mellorar a súa integración social.
- e) Sensibilizar ás persoas maiores da importancia da realización de exercicio físico como medio de mellorar a súa calidade de vida dotándoas das habilidades necesarias para a práctica do mesmo.
- f) Implicar aos familiares no envellecemento activo dos seus maiores.
- g) Atrasar a aparición de problemas cognitivos dotando ás persoas maiores de estratexias para o mantemento da mente activa.
- h) Mellorar a rede de apoio social das persoas maiores.
- i) Mellorar a oferta de actuacións de lecer e tempo libre das persoas maiores.
- j) Establecer liñas de colaboración entre as persoas maiores e os diferentes organismos e servizos municipais, como Servizos sociais, Saúde ou Educación.
- k) Sensibilizar á poboación sobre os problemas de marxinación das persoas que viven soas, promovendo actitudes de comprensión, respecto e solidariedade que faciliten condutas participativas.



l) Darlle a coñecer ás persoas maiores o programa de voluntariado do concello, as distintas asociacións do mesmo, tanto municipais como comarcais nas que poden participar e fomentar que as persoas maiores do concello participen en actividades grupais.

m) Coñecer, o máis detalladamente posible, a poboación maior en situación de vulnerabilidade.

Oitavo.- O carácter singular que motiva a concesión dunha subvención directa a través do presente convenio en base ás razóns que acreditan o interese social do proxecto a subvencionar radica na análise das circunstancias demográficas do Concello de Lousame e da cobertura de servizos sociais públicos actuais.

O envellecemento progresivo da poboación, aínda que se conceptualiza como un proceso global, é unha realidade palpable na contorna do Concello. Concretamente Lousame é un dos concellos máis envellecidos tanto da comarca de Noia como da provincia da Coruña contando cun 32,72 % de poboación maior de 65 anos e cun índice de envellecemento dun 272,02%, que supera en 99,24 puntos o índice galego, e cun índice de sobre envellecemento de 19,52 % superando tamén o índice galego.

Analizando o incremento destes indicadores demográficos e as demandas da poboación dende o ámbito dos servizos sociais, mantense a necesidade de continuar con este proxecto "Maiores en marcha", de xestión e coordinación das actuacións dirixidas á promoción da autonomía persoal e a atención e prevención da dependencia, enfocado na animación, prevención e cooperación social, para acadar a participación das persoas maiores de 60 anos en tarefas colectivas tendentes a que dende a propia comunidade deste Concello se asuman as problemáticas que se poidan derivar desas situacións, e se busquen canles de solución, fomentando a iniciativa social, a solidariedade, o asociacionismo e o voluntariado para poder combatelas.

Cando as persoas se van facendo maiores existe maior probabilidade de perder parte da rede de apoio coa que contan, de xeito que poden volverse máis retraídas e empezar a non sentirse útiles nesta sociedade.

En Lousame hai un número importante de persoas maiores de 60 anos que viven soas, tendo, en xeral, dificultade para a interacción con outras persoas: familiares, amigos,



veciños, ou outros membros de organizacións sociais, das que poidan recibir axuda de diversa índole.

O envellecemento comporta un aumento da vulnerabilidade física, psicolóxica e social das persoas existindo un maior risco de chegar á situación de dependencia así como de perdas de apoio social, acompañado dun maior risco de exclusión. O proceso de envellecemento non é lineal e inmutable, senón que o funcionamento humano presenta unha gran plasticidade a nivel biolóxico, cognitivo, emocional e social polo que se poderán implementar actuacións tendentes a mellorar a esperanza de vida saudable nas persoas maiores aumentando polo tanto a súa calidade de vida e previndo a aparición de déficits asociados á idade.

Noveno.- Así o exposto e como xa se indicou, as razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, tendo en conta o disposto nos artigos 19.4 c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, radican na particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve este programa que é o Concello de Lousame, como única prestadora de servizos de proximidade que deberán de actuar na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida, en tanto que coñecedora das necesidades individuais do colectivo destinatario destes servizos de proximidade.

Décimo.- Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese establecer fórmulas de colaboración para o financiamento de programas e accións no eido da atención ás persoas maiores, especialmente no fomento da autonomía persoal, na prevención da situación de dependencia e no agravamento desta.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan

ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é o financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade a través da concesión directa duna subvención pública do Proxecto integral de atención e prevención da dependencia "Maiores en marcha" e axudar a liberar a carga que supón para os familiares e cuidadores a atención diaria das persoas maiores de 60 anos do Concello de Lousame. O proxecto está destinado a atender e previr a dependencia, a loita contra a soidade non desexada, a interacción, inclusión e participación das persoas maiores do Concello de Lousame e desenvolverase no Centro de Día e nos Centros Sociais do Concello durante o ano 2025.

SEGUNDA. *Actuacións subvencionables*

O proxecto recolle actuacións de coordinación, xestión e implementación necesarias para a consecución dos obxectivos que se perseguen e que constan na parte expositiva deste convenio.

Para o desenvolvemento deste Proxecto "Maiores en marcha" o Concello conta dentro do seu propio persoal cun pedagogo, un terapeuta ocupacional e un técnico deportivo os que adicarán parte da súa xornada, como ven recollido na memoria económica, ao devandito proxecto, contratará unha empresa externa para os talleres de memoria e contará con persoas voluntarias.

As actuacións programadas dentro do proxecto "Maiores en marcha" obxecto da concesión de subvención a través deste convenio, son as seguintes:

a) Coordinación e xestión do programa de acompañamento social para persoas maiores de 60 anos.

O programa municipal de acompañamento social ás persoas maiores baséase na realización dunha visita semanal, cunha hora de duración, por parte dunha persoa voluntaria que se despraza ao domicilio da persoa maior, proposta, seleccionada e derivada ao programa de acompañamento para persoas maiores, polo departamento de servizos sociais municipais, quen coñece as circunstancias familiares de cada persoa usuaria.



As funcións de acompañamento social baséanse na escoita e na relación de axuda coas que se pretende acompañar e dar agarimo ás persoas usuarias a través de conversas, de intercambio de anécdotas e experiencias con momentos lúdicos e de lecer. Preténdese principalmente dotar ás persoas maiores que pasan moito tempo soas nos seus domicilios, de diferentes ferramentas coas que paliar por si mesmas a sensación de soidade, como son a realización de labores creativos como punto de cruz, tecelán, costura, debuxo básico ou artístico, bricolaxe, abelorios, escoita diaria da radio, a práctica de actividades intelectuais como a lectura e resolución de encrucillados, así como o coidado dalgunha mascota, e favorecer deste xeito a súa estimulación cognitiva e integración social.

As actuacións de acompañamento lévanse a cabo por persoas voluntarias, seleccionadas dende o grupo existente de voluntariado municipal, levando a cabo unha entrevista que permitirá á persoa responsable do programa (pedagogo) determinar se o perfil da persoa voluntaria, idade, intereses e dispoñibilidade, se adapta ás persoas usuarias do programa e ás tarefas a desenvolver.

O responsable do programa será o encargado de detallar á persoa voluntaria cales son os seus obxectivos e tarefas, observar a súa actuación e axudarlle a buscar solucións aos problemas que poida atopar durante o desenvolvemento das súas tarefas, para satisfacer as necesidades sociais e de compañía destas persoas maiores.

Estímase unha participación media de 14 persoas usuarias directas e 6 persoas voluntarias.

b) Promoción, asesoramento e apoio técnico ao movemento asociativo das persoas maiores.

A promoción do movemento asociativo ten a súa base na colaboración coas organizacións comunitarias do Concello de Lousame dándolles a coñecer os recursos existentes para asociacións de maiores, tantos sociais como económicos que lles permitan conseguir os fins propios e necesidades deste tipo de entidades, e que poidan obter un mellor aproveitamento deles.

A través de funcións de dinamización, asesoramento e apoio técnico, proporciónase acompañamento ao movemento asociativo de persoas maiores do Concello na realización daquelas tarefas para as que demandan axuda, como pode ser: tramitación de solicitudes



de subvencións, acompañamento en saídas e viaxes, xuntanzas e organización de eventos, actuacións administrativas ou emprego de novas tecnoloxías, entre outras. Estímase unha participación media de en torno a 230 persoas beneficiarias .

c) Xuntanzas de maiores

En datas sinaladas como Nadal, Entroido, San Xoán, Magosto e outras, o Concello levará a cabo diversas xuntanzas dirixidas a fomentar as relacións interpersoais, promovendo a reunión das persoas maiores de 60 anos das distintas parroquias para recordar experiencias compartidas e seguir aprendendo cousas novas, e facilitándolle a súa participación social para previr o illamento, e atrasar a aparición de situacións de dependencia. Estímase unha participación media de preto das 165 persoas beneficiarias ao longo do ano.

d) Programa de dinamización de persoas maiores.

Este programa desenvólvese a través das seguintes actuacións:

1º. Talleres de memoria: A través de actividades de estimulación da memoria, das funcións executivas, do cálculo e da linguaxe, coas que se pretende previr ou retardar o deterioro cognitivo e por conseguinte mellorar a calidade de vida das persoas maiores.

Este taller lévase a cabo semanalmente en 6 grupos cunha media de 10 persoas por grupo o que implica unha media de 60 persoas beneficiarias de dita actividade.

2º. Obradoiro de actividade física: Preténdese mellorar a calidade de vida das persoas maiores mediante o fomento da actividade física adaptada ás súas necesidades e reducir a taxa de deterioro funcional co fin de conservar un nivel de autonomía que posibilite manter e/ou impulsar a súa integración no seu medio social e a interacción na comunidade.

Para acadar o dito obxectivo desenvolveranse actividades de ximnasia de mantemento no que participan 12 persoas maiores, xerontoximnasia e psicomotricidade para persoas maiores de 60 anos do Concello de Lousame nas que se estima unha media de participación de 24 persoas usuarias, ximnasia ao aire libre nos parques públicos biosaudables do concello, cunhas 24 persoas beneficiarias, camiñatas polas aldeas con 60 persoas usuarias, aproximadamente e pilates para persoas maiores coa participación de 12 persoas.



e) Coordinación da actividade "Centro aberto" do Centro de Día do Concello de Lousame.

Dentro dos programas de intervención do Centro de día de Lousame, no apartado de intervención socializadora e socioeducativa lévase a cabo a actividade "Centro aberto".

O obxectivo da actividade é crear un espazo para dar continuidade ao desenvolvemento persoal das persoas maiores usuarias a través da programación de actividades relacionadas coa súa historia vital, promovendo leitos de participación para usuarios/as e familiares nos que se ofertan actividades lúdicas e de participación entre a veciñanza da contorna, buscando o uso do centro como un espazo vivo no que se desenvolven actividades de música coa Escola de Música de Lousame, obradoiros de cociña, costura e xardinería.

A participación nas actividades de centro aberto é dunha media de 70 persoas, entre persoas maiores usuarias, familiares e comunidade.

TERCEIRA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello presentará con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co proxecto de actividades obxecto da concesión da subvención, a seguinte documentación :

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscria polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

c) Declaración responsable do cumprimento da obriga establecida no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, en canto ao cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.



CUARTA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións do proxecto "Maiores en marcha" que ten previsto desenvolver o concello de Lousame é de **61.598,69 €**.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **sesenta e un mil, cincocentos noventa e oito euros con sesenta e nove céntimos (61.598,69 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **08.05.312D.460.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Segundo a Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de natureza corrente e de persoal efectivamente realizados para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula segunda. A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os previstos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

QUINTA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial do importe da axuda concedida a través deste convenio, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.



d) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do proxecto a subvencionar polo convenio, e nos lugares onde estas se realicen: "subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

j) Presentar a documentación trala sinatura do convenio e no momento da xustificación parcial e/ou total, de conformidade co indicado na normativa de subvencións.

2. Asemade, o Concello de Lousame en tanto que entidade beneficiaria dunha subvención, estará obrigado a subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas



previstas no Título I da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno. No caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da citada lei.

SEXTA. *Compatibilidade con outras subvencións*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular o Concello nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 26% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 74% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades a subvencionar a través do convenio e achegando a documentación indicada na cláusula oitava.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do



procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

OITAVA. *Gastos subvencionables e xustificación*

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

O concello está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados de conformidade co establecido no Decreto 193/2011, de 6 de outubro.

O concello está obrigado a xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade, o cumprimento da finalidade das actividades a subvencionar a través do convenio, a súa realización e o seu custo real, mediante unha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona de seguido e que incorporará, en todo caso, á certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto efectuado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Segundo o disposto no artigo 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, a conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención, con especificación das actuacións desenvolvidas en execución da atención integral de envellecemento activo e prevención da dependencia durante o ano 2025 e dos resultados acadados.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria, imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



b) Tendo en consideración que maioritariamente o gasto imputable é de persoal, conforme ao establecido no orzamento do proxecto, deberá concretarse ao efectos da súa xustificación e referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

- Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do proxecto subvencionado.
- Recibos de salarios.
- Documento de relación nominal de traballadores (RNT) e documento de relación de liquidación de cotizacións (RLC) dos traballadores correspondentes aos meses imputados.
- Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190)

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Asemade, xunto coa conta xustificativa, no caso de opoñerse á súa consulta, deberase de achegar declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En todo caso o prazo da xustificación total da subvención deste convenio rematará o día **10 de decembro de 2025**. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de 2025 de nóminas ou que comporten ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data límite de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2026.



A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. *Subcontratación*

O Concello de Lousame é a entidade beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución das actividades subvencionadas fronte á Consellería. Non obstante, poderá subcontratar ata unha porcentaxe do 15 % do importe total do proxecto financiado a través deste convenio, para a debida execución das actividades, de acordo co recollido na memoria económica. A subcontratación vén motivada pola falla de persoal en plantilla necesario para a execución das actividades programadas.

O Concello de Lousame, no seu caso, comunicará a subcontratación á Consellería de Política Social e Igualdade. Para estes efectos será de aplicación o establecido nos artigos 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA. *Inexistencia de relación laboral*

Para levar a cabo os obxectivos e fins previstos neste convenio o Concello poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas. Así mesmo queda facultado para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas.

A subscrición do presente Convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades obxecto do proxecto a subvencionar de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

O Concello de Lousame asume a responsabilidade respecto do persoal que contrae as obrigas de levar a cabo as actividades establecidas no convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de



xustificación do cumprimento das actuacións a subvencionar a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia e efectos*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das accións englobadas nas actividades do proxecto descritas no presente convenio que realizase o Concello dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.



DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. *Información básica de protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.



O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e



Igualdade e dous representantes do Concello de Lousame, designados polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerese polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes, se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa,



se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e Igualdade

Polo Concello de Lousame

A conselleira

O alcalde

Fabiola García Martínez

Esteban Ares García

